



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Colexio de Educación Infantil e Primaria
As Forcadas

galicia

R/As Forcadas s/n
15114Corme(A Coruña)
Tlf.: 881880930 Fax: 881880931
ceip.asforcadas@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipasforcadas/>

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U.
CEIP AS FORCADAS – CORME
Data: 22/05/2019
SAÍDA nº: 39

Estimados pais, nais, titores legais:

No DOG do 20 de maio de 2019 publicouse a ORDE do 3 de maio de 2019 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2019/2020.

As **axudas para a adquisición de libros de texto** están destinadas ao alumnado que vaia estar matriculado no vindeiro curso 2019/2020 en 1º e 2º de educación primaria. O requisito para ter dereito a esta axuda é dispoñer dunha renda per cápita no ano 2017 igual ou inferior a 9.000 euros.

En relación ás **axudas para adquisición de material escolar**, que son compatibles coas axudas para a adquisición de libros de texto e co fondo de libros, van dirixidas ao alumnado que vaia estar matriculado no ano académico 2019/2020 en calquera curso de educación primaria. O requisito é ter unha renda per cápita igual ou inferior a 5400 euros no ano 2017.

O último destes sistemas, o **fondo de libros de texto**, está destinado ao alumnado que vaia estar matriculado no vindeiro curso 2019/2020 en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria.

A información sobre a forma de formalizar a solicitude de xeito electrónico pódese ver no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>

Os impresos de solicitude para as devanditas axudas e para o fondo de libros pódese solicitar no colexio ou descargar da páxina web:

<https://sede.xunta.gal/doc-invia/rest/anexos/70810>

Unha vez cuberta, presentárase na secretaría do colexio xunto co libro de familia orixinal e unha copia deste, no prazo que abrangue dende o 21 de maio ata o 21 de xuño de 2019. As solicitudes presentadas fóra de prazo quedarán excluídas.

Sen outro particular, un cordial saúdo,

Corme, a 22 de maio de 2019

O Director


Asdo.: Manuel Nicolás Caridad López